



## RESOLUCIÓN REITORAL DO 10 DE XUÑO DO 2026 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO POLO PROCEDIMENTO DE URXENCIA PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO SUBSTITUTO

Despois do acordo do Consello de Goberno desta universidade do 4 de xuño do 2026, convócase o presente concurso público polo procedemento de urxencia para a contratación de persoal docente baixo as seguintes bases:

### 1. Normativa aplicable

O procedemento de selección rexerese por:

- a) A Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU).
- b) A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno da UDC do 07/11/2024.
- c) O Procedemento de actuación para cubrir temporalmente necesidades docentes, aprobado no Consello de Goberno do 30/06/2006.
- d) As restantes disposicións legais vixentes aplicables.

### 2. Requisitos das persoas aspirantes

Os/as candidatos/as deberán cumprir os seguintes requisitos no último día de prazo de presentación de solicitudes.

#### 2.1 Requisitos xerais

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que permita o acceso ao emprego público, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- b) Estar en posesión da titulación exixida.

No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá estar en posesión da credencial de homologación ou do certificado de declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico de grao universitario oficial.

De acordo co establecido no artigo 10 apartado c) da LOSU, os títulos de grao expedidos por universidades nos estados membros da Unión Europea serán equivalentes, para todos os efectos, a aqueles expedidos por universidades españolas.

- c) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- d) Cumprir os requisitos mínimos e máximos de idade legalmente establecidos para o acceso á administración pública
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Ter aboado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.

## 2.2. Requisitos específicos

Para as prazas en que así se especifique no anexo II será requisito excluínte a acreditación da capacidade para impartir docencia en inglés a través dalgunha das seguintes formas:

1. Licenciatura en Filoloxía Inglesa / Grao en Inglés.
2. Certificación oficial de nivel C1 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE.
3. Diploma do nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC.

## 3. Presentación de solicitudes

### 3.1 Prazo e forma de presentación

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica, utilizando o modelo oficial adxunto no anexo III, xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico oficial (TEO) desta universidade ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)).

### 3.2 Documentación requirida

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente en vigor.

As persoas que se atopen nalgún dos supostos contemplados nos apartados c) e d) do punto 1 do artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia deberán presentar, ademais, os documentos acreditativos do vínculo de parentesco e, de ser o caso, do feito de vivir a expensas ou estar a cargo dun nacional dun Estado membro da Unión Europea. A acreditación realizarase por medio de certificados expedidos polas autoridades competentes do seu país de orixe, traducidos a algunha das linguas oficiais da UDC.

- b) Copia do anverso e do reverso do título académico.

- c) Currículo segundo o modelo oficial establecido pola UDC (<https://www.udc.es/gl/pdi/impresos/>) e documentación xustificativa dos méritos alegados.

No caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 nas certificacións académicas, deberá utilizarse o formulario normalizado, dispoñible na páxina web da universidade (<http://www.udc.es/pdi/concursos/declaracion/>).

Non presentar a certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do/a aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha documentación adicional relativa aos méritos.

- d) Xustificante de pago na conta corrente IBAN ES76 0049 5030 1525 1601 1262, titular: Universidade da Coruña, concursos-oposicións; Banco Santander SA, da cantidade de 44,17 euros por cada praza a que se concurse, dentro do prazo de presentación de solicitudes e facendo constar como concepto a referencia do número da praza á que se opta.

En ningún caso o pago suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma.

Exencións e bonificacións:



Condições	Exención/bonificación	Documentación a presentar coa solicitude
Discapacidade igual ou superior ao 33%	Exención de pago	Copia da cualificación do grao de discapacidade vixente.
Familia numerosa de categoría especial	Exención de pago	Copia do título de familia numerosa vixente
Familia numerosa de categoría xeral	Bonificación 50%	
Demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria, e que non estean percibindo prestación ou subsidio por desemprego	Bonificación 50%	Certificación da oficina dos servizos públicos de emprego

A falta de pago dos dereitos de exame no prazo de presentación de solicitudes non é reparable, excepto que acredite o pago ou a exención do pago da citada taxa.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. A tal efecto, a persoa interesada deberá presentar a correspondente solicitude.

#### 4. Relación de aspirantes

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no TEO e na páxina web da universidade ([https://www.udc.es/es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](https://www.udc.es/es/pdi/concursos/concursos_contratacion/)) unha resolución coa relación de persoas concursantes, con mención expresa do nome e apelidos, xunto coa composición da comisión de selección.

#### 5. Procedemento de selección

##### 5.1 Comisións de selección

As comisións estarán compostas por tres membros titulares e seis suplentes. Actuará como presidente/a a persoa que ocupe a dirección do departamento ao que estea adscrita a praza e como secretario/a o membro da comisión de menor categoría e antigüidade. Formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

Unha vez publicada a relación dos concursantes e a composición da comisión, o/a presidente/a de esta procederá a convocala e constituíla.

As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de todos os seus membros, incluída a representación do persoal traballador. Se algún dos membros titulares non puidese asistir será substituído polo correspondente suplente, garantindo o principio de composición paritaria entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

No acto de constitución, a comisión de selección establecerá os criterios de valoración dentro do marco establecido polo baremo da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno da UDC do 07/11/2024.



Unha vez remitidos ao Servizo de PDI, serán publicados no TEO e os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada polos concursantes.

Para a válida actuación das comisións requírese a presenza de todos os membros.

Con carácter xeral, a comisión actuará no centro ao que estea adscrito o departamento que solicite a praza ou, excepcionalmente, no centro da UDC do que formen parte a maioría dos membros da comisión.

Os acordos das comisións serán motivados e adoptaranse por maioría.

## **5.2 Desenvolvemento do concurso**

Os concursos consistirán na valoración dos méritos e o historial académico, docente, investigador, incluíndo o de transferencia e intercambio do coñecemento e o profesional das persoas aspirantes, aplicando os criterios establecidos previamente pola comisión, no marco do baremo da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da UDC, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024.

## **6. Resolución**

### **6.1 Publicación de resultados**

Unha vez realizadas as valoracións, a comisión de selección formulará a súa proposta de provisión no prazo de dez días, contados a partir de que os membros da comisión teñan acceso aos méritos das persoas candidatas. A proposta – na que figurará(n) a/s persoa/s candidata/s seleccionada/s por orde de puntuación– será publicada no TEO, xunto coa acta de puntuación e o sentido do informe da representación do persoal traballador.

Se a comisión considera que ningunha das persoas candidatas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto do concurso, poderá propoñer a non provisión da praza xustificando as causas que motivan tal proposta. Neste caso, o/a reitor/a decidirá se procede deixar a praza deserta ou iniciar un novo procedemento.

### **6.2 Resolución do concurso**

Unha vez recibido o expediente administrativo do concurso, o/a reitor/a ditará unha resolución motivada e atribuíralle a praza á persoa seleccionada que figure en primeiro lugar na proposta da comisión.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso perante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social (BOE núm. 245 do 11.10.2011). Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante este Reitorado, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

## **7. Formalización do contrato e incorporación**

O contrato deberá formalizarse dentro dos 5 días hábiles posteriores á publicación da resolución. A persoa seleccionada dispoñerá dun prazo máximo de 3 días hábiles para presentar a documentación requirida polo Servizo de PDI.

A persoa candidata incorporarase ao seu posto de traballo na data de inicio que indique o seu contrato.

O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

## **8. Protección de datos de carácter persoal**

As persoas aspirantes aceptan a política de privacidade da UDC, recollida na páxina web da UDC ([https://www.udc.es/gl/pe/politica\\_privacidade/](https://www.udc.es/gl/pe/politica_privacidade/)) e especificada no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.

## 9. Norma final

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso perante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social (BOE núm. 245 do 11.10.2011). Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante este Reitorado, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

P.D. do reitor (R.R do 10.07.2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández

### **Anexo I:** Guía para a presentación da documentación

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica.

a) Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 3 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo e nomearanse respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Solicitud.pdf

Curriculo.pdf

Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Acreditación do requisito de inglés.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

A solicitude e o currículo deberán asinarse de xeito electrónico.

b) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao IV) deberán achegarse en formato PDF, non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por bloque, podendo comprimirse de ser necesario en formato ZIP non cifrado e sen contrasinal, e nomearanse da seguinte forma:

BI\_Apelidos\_nome

BIV\_Apelidos\_nome

BII\_Apelidos\_nome

Outra\_documentacion

BIII\_Apelidos\_nome

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo.

No caso de ter presentado máis dunha solicitude electrónica, só se considerará válida a última efectuada.



## Anexo II: Detalle das prazas convocadas

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/1001	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1002	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación ata a finalización do proceso de selección dunha praza de Axudante Doutor/a e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
26/1003	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Linguaxes e Sistemas Informáticos	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación durante o permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento
26/1004	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Enfermaría	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación durante o permiso por nacemento para a nai biolóxica
26/1005	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Enfermaría (Podoloxía)	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1006	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación durante baixa por Incapacidade Temporal
26/1007	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Construcións Arquitectónicas	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/1008	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Dereito Mercantil	Dereito Privado	Facultade de Dereito	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación ata a finalización do proceso de selección dunha praza de Axudante Doutor/a e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
26/1009	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Dereito Constitucional	Dereito Público	Facultade de Dereito	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito de inglés (ver punto 2.2) Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1010	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	Dereito Público	Facultade de Dereito	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Requisito de Inglés (ver punto 2.2) Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión Docencia tamén na Facultade de Humanidades e Documentación e na Facultade de Socioloxía
26/1011	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Dereito Procesual	Dereito Público	Facultade de Dereito	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1012	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P05	Didáctica da Expresión Musical	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	Facultade de Ciencias da Educación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión



REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/1013	4	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Economía Aplicada	Economía	Facultade de Economía e Empresa	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargos de xestión Docencia tamén na Facultade de Humanidades e Documentación e na Facultade de Ciencias do Traballo
26/1014	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Fundamentos da Análise Económica	Economía	Facultade de Economía e Empresa	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación ata a finalización do proceso de selección dunha praza de Axudante Doutor/a e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
26/1015	2	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	1 praza por contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión 1 praza por contratación ata a finalización do proceso de selección dunha praza de Axudante Doutor/a e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
26/1016	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P03	Economía Financeira e Contabilidade	Empresa	Facultade de Economía e Empresa	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión



REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/1017	2	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría (Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)	Enxeñaría Civil	Facultade de Ciencias da Comunicación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargos de xestión
26/1018	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Física Aplicada	Física e Ciencias da Terra	Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión Docencia tamén na Escola Universitaria de Deseño Industrial
26/1019	2	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Fisioterapia	Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	1 praza por contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión 1 praza por contratación durante o permiso por nacemento para a nai biolóxica
26/1020	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Biblioteconomía e Documentación	Humanidades	Facultade de Humanidades e Documentación	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a, Enxeñeiro/a Técnico/a, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1021	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P04	Historia Moderna	Humanidades	Facultade de Humanidades e Documentación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión Docencia tamén na Facultade de Filoloxía
26/1022	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Filoloxías Galega e Portuguesa	Letras	Facultade de Filoloxía	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión

REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/1023	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Literatura Española	Letras	Facultade de Filoloxía	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación ata a finalización do proceso de selección dunha praza de Axudante Doutor/a e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
26/1024	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Estadística e Investigación Operativa	Matemáticas	Facultade de Humanidades e Documentación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1025	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Matemática Aplicada	Matemáticas	Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1026	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Composición Arquitectónica	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1027	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Psicoloxía Evolutiva e da Educación	Psicoloxía	Facultade de Ciencias da Educación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación ata a finalización do proceso de selección dunha praza de Axudante Doutor/a e nos termos establecidos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
26/1028	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Psicoloxía Social	Psicoloxía	Facultade de Ciencias da Educación	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión
26/1029	1	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Química Física	Química	Facultade de Ciencias	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratación por redución da actividade docente por cargo de xestión



REF. NÚM. PRAZA	NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
26/1030	3	Profesor/a Substituto/a	Tempo parcial P06	Socioloxía	Socioloxía e Ciencias da Comunicación	Facultade de Socioloxía	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	1 praza por contratación durante a permanencia na situación administrativa de servizos especiais 2 prazas por contratación por redución da actividade docente por cargos de xestión



Anexo III: Modelo de solicitude

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

<b>DATOS PERSOAIS</b>	
Nome e apelidos:	
Enderezo (rúa, número, andar):	
Localidade, código postal e provincia:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
<b>DATOS DA PRAZA</b>	
Número:	Categoría:
Sistema de acceso: <input type="checkbox"/> Quenda libre <input type="checkbox"/> Promoción interna	
Discapacidade: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
<b>TITULACIÓN REQUIRIDA NA CONVOCATORIA</b>	
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA</b>	
<input type="checkbox"/> DNI ou documento acreditativo <input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento <input type="checkbox"/> Acreditación de familia numerosa <input type="checkbox"/> Acreditación como demandante de emprego <input type="checkbox"/> Acreditación da discapacidade <input type="checkbox"/> Copia da titulación requirida para participar no concurso <input type="checkbox"/> Currículo e documentación xustificativa	<input type="checkbox"/> Credencial de avaliación positiva ACSUG/ ANECA <input type="checkbox"/> Certificado R3 ou I3 <input type="checkbox"/> Documentación xustificativa do coñecemento de inglés <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa de exercer a actividade principal fóra do ámbito académico universitario (vida laboral, folla de servizos, outros) <input type="checkbox"/> Outra (indicar): _____

**SOLICITO** ser admitido/a para as probas selectivas a que se refire a presente instancia e **DECLARO** baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados nela, que reúno as condicións esixidas na convocatoria e, de ser o caso, para o ingreso na función pública, e comprométo-me a acreditar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude no caso de superar o proceso selectivo ou en calquera outro momento en que me sexan requiridos.

....., a.....de .....de 20

**SR. REITOR DA UNIVERSIDADE**



De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), e no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos indicados no formulario serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal).

Estes datos serán tratados coa finalidade de xestionar todo o proceso selectivo, o cal inclúe as publicacións realizadas no Taboleiro oficial da Sede electrónica da UDC. As persoas que se encontren en situación de violencia de xénero ou similar, e que desexen exercer o seu dereito de oposición á publicación dos seus datos, poranse en contacto co Servizo e Persoal Docente e Investigador. Este tratamento fundaméntase na función da Universidade como Administración pública que emprega-con base na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario. Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

As persoas participantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, nos termos indicados en

[https://www.udc.es/es/gobierno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/index.html#dereitos](https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/index.html#dereitos).

Asemade, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.



Anexo IV: Modelo de currículo

CURRICULUM VITAE PARA PRAZAS DE PROFESORADO SUBSTITUTO

DATOS DA PRAZA	
Nº de praza:	
Categoría:	
Especialidade/s de coñecemento:	
Departamento:	
Data da convocatoria:	
DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome:	
DNI ou pasaporte:	

A persoa que asina este documento responsabilízase da veracidade dos datos e da documentación que achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivarse da súa inexactitude.

Lugar e data:....., ..... de .....de 20...

Sinatura electrónica





I. FORMACIÓN ACADÉMICA

1. Expediente académico (grao e mestrado o licenciatura)

Título de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou graduado/a:

Documento nº:

.....

Universidade: .....

Nota media:.....

Marque a opción se procede:  Resolución de homologación ou de equivalencia do título estranxeiro

Título de mestrado:

Documento nº:

.....

Centro ou Universidade de expedición: .....

Nota media do expediente:.....

Marque a opción se procede:  Resolución de homologación ou de equivalencia do título estranxeiro

(No caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 na certificación académica, haberá que achegar tamén a declaración da nota media no formulario normalizado. De non facelo, considerarase que a cualificación obtida na titulación é de 5 puntos)

2. Tese de doutoramento

Documento nº:

Título: .....

Programa de doutoramento: .....

Centro ou Universidade:.....

Cualificación:.....

Marque a opción se procede:

- Mención de Doutoramento Europeo/Internacional.
 Declaración de equivalencia ao nivel académico de doutor.

3. Premios extraordinarios

Documento nº:

Premio extraordinario de grao ou licenciatura (márquese o que proceda)

Denominación:.....

Organismo que o concede:.....

Premio extraordinario de mestrado

Denominación: .....

Organismo que o concede: .....

Premio extraordinario de doutoramento

Denominación: .....

Organismo que o concede: .....

(Só se terá en conta un premio por cada nivel de estudos.)



4. Outras titulacións universitarias relevantes para a praza:

Documento nº:

Titulación: .....

Universidade:.....

**(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións académicas oficiais expedidas polas autoridades competentes. No caso dos méritos alegados en I.1, achegarase a declaración de nota media xunto coa certificación académica cando nesta non figure a nota media calculada sobre 10.)**



II. EXPERIENCIA DOCENTE

1. Docencia universitaria en titulacións oficiais

Documento nº:

Categoría: .....

Réxime de dedicación:  Tempo completo  P06  P05  P04  P03

Especialidade de coñecemento: .....

Data de inicio: ..... Data de fin: .....

Contratos predoutorais

Documento nº:

Especialidade de coñecemento: .....

Data de inicio: ..... Data de fin: .....

Núm. de horas impartidas.....

Contratos posdoutorais

Documento nº:

Especialidade de coñecemento: .....

Data de inicio: ..... Data de fin: .....

Núm. de horas impartidas.....

(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: folla de servizos ou contrato de traballo, e certificación de docencia asinada pola autoridade competente.)

2 Calidade docente (máximo de cinco méritos)

Última avaliación recibida no programa Docentia

Documento nº:

.....

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria

Documento nº:

Autor/a/s: .....

Título: .....

ISBN: ..... Ano de publicación: .....

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente

Documento nº:

Participante/s: .....

Título: .....

Ano: .....

Estadías docentes superiores a un mes

Documento nº:

Centro receptor:.....

Data de realización: desde ..... ata .....



**Mobilidade docente STA ou similares**

Documento nº:

Centro receptor:.....

Data de realización: desde ..... ata .....

**Premios e recoñecementos docentes**

Documento nº:

Denominación:.....

Órgano concesionario:.....

Ano: .....

**Artigos de docencia publicados en revistas académicas**

Documento nº:

Autor/a: .....

Título: .....

Revista: .....

DOI ou URL: .....

**Comunicacións en congresos de innovación docente**

Documento nº:

Autor/a:.....

Título: .....

Congreso: .....

**Formación docente impartida (só bloques de 50 horas)**

Documento nº:

Denominación:.....

Entidade organizadora: .....

**Formación docente ou de especialización recibida**

Documento nº:

**(só bloques de 100 horas)**

Denominación: .....

Entidade organizadora: .....

**Coñecemento de lingua inglesa**

Documento nº:

Nivel: .....

(Dentro de cada categoría poderá presentarse máis dun mérito, excepto no caso da avaliación do programa Docentia)

(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións expedidas pola autoridade académica competente. No caso das publicacións, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais. No caso das comunicacións, certificación da participación no congreso e resumo do traballo ou copia da publicación no libro de actas.)



III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA

1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro):

Artigos en revistas científicas

Documento nº:

Autoría:.....

Título: .....

Revista: .....

DOI ou URL:.....

Scopus  Web of Science

IDR  ERIHPlus  RIBA Online catalogue  Selo de calidade FECYT

Ningunha das anteriores

De ser o caso, premio:.....

Libros e capítulos de libros

Documento nº:

Autoría: .....

Título do volume:.....

De ser o caso, título do capítulo:.....

ISBN: ..... Ano: ..... Editorial: .....

Publicacións en actas de congresos (só para o ámbito de coñecemento das enxeñarías)

Documento nº:

Título da comunicación:.....

Título do libro de actas:.....

ISBN:.....

DOI ou URL:.....

(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: no caso dos artigos publicados en revistas, DOI e/ou ligazón permanente ao traballo depositado en repositorios institucionais; no caso dos libros e capítulos de libro, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais)

2. Comunicacións en reunións científicas (máximo de 10 contribucións)

Documento nº:

Autoría:.....

Título:.....

Congreso/reunión científica: .....

De ser o caso, premio:.....

(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación de participación no congreso e o resumo do traballo ou a copia da publicación no volume de actas)



3. Bolsas e contratos pre e postdoutorais

Documento nº:

FPU  FPI  Predoutoral da Xunta de Galiza

Outras de carácter equivalente

Período:.....

Ramón y Cajal  Beatriz Galindo  Juan de la Cierva  Posdoutoral da Xunta de Galiza

Período:.....

Outras de carácter equivalente

Período:.....

**(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a copia do contrato ou da credencial de concesión da bolsa e certificación emitida pola autoridade competente en que conste o período efectivo de vinculación contractual ou de ser beneficiario/a da bolsa)**

4. Estadías pre e posdoutorais

Documento nº:

Centro de acollida:.....

Período: .....

**(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o permiso da institución de orixe, convite do centro de destino e certificación da realización da estadía)**

5. Dirección de teses

Documento nº:

Tese:.....

Dirección:.....

Mención internacional

**(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación expedida pola autoridade académica competente)**

6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación

Documento nº:

Proxecto:.....

Entidade financiadora:.....

Tipo de participación da persoa candidata:

Investigador/a principal  Membro do equipo de investigación ou de traballo

Investigador con cargo ao proxecto

Convenio ou contrato de investigación:.....

Documento nº:

Entidade financiadora:.....

Tipo de participación da persoa candidata:

Investigador/a principal  Membro do equipo de investigación ou de traballo

**(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: unha certificación expedida pola autoridade académica competente en que conste o nome do proxecto, convenio ou contrato, a entidade financiadora, o financiamento recibido e o tipo de participación da persoa candidata)**



7. Accións de transferencia e divulgación (máximo de 5 méritos)

**Patente**

Documento nº:

Autoría:.....

Denominación:.....

Clasificación da patente

Extensión da protección:

- Nacional
- Europea
- Internacional

Data:.....

**Rexistro da propiedade intelectual**

Documento nº:

Autor/a/s:.....

Tipo de creación:.....

Nome:.....

Data:.....

**Desenvolvementos tecnolóxicos**

Documento nº:

Autor/a/s: .....

Desenvolvemento innovador: .....

Data:.....

**Outras actividades de transferencia e divulgación:**

Documento nº:

- Comisariado ou organización de exposicións .....
- Elaboración de informes técnicos .....
- Proxectos técnicos arquitectónicos .....
- Proxectos técnicos de enxeñaría .....
- Empresas de base tecnolóxica .....
- Spin-off .....

(DOCUMENTACIÓN: as certificacións emitidas polos organismos correspondentes)



**IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL**

**Posto desempeñado:**.....

Documento nº:

Empresa/institución:.....

Período:.....

Dedicación:.....

**Docencia regrada non universitaria**

Documento nº:

Centro docente: .....

Materias impartidas: .....

Dedicación: .....

Ano académico: ..... N.º de meses: .....

**Só para as prazas de profesorado asociado ou de profesorado asociado de Ciencias da Saúde:**

**Titor/a no ámbito profesional de prácticas externas**

Documento nº:

Empresa/administración:.....

Horas: .....

**(DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada que inclúa os postos e as funcións desempeñadas. Para as prácticas externas, a certificación expedida pola universidade)**